

Programa “As costureiras”

PROXECTO COMPETENCIAL 3º ESO B

PRESENTACIÓN:

C: Bo día a todos e todas!!! Estamos de volta nas ondas da nosa emisora Radio Ribeira.

M: Somos o grupo de 3ºB e construímos un podcast sobre as costureiras e modistas para a materia de proxecto competencial, que vai formar parte do proxecto anual da biblioteca sobre a roupa.

C: Revisaremos a historia, falaremos con modistas e costureiras, escoitaremos música e poesía, aprenderemos coplas e refráns...

M: Como vedes, este é un programa ben completo.

C: Dende estas ondas pretendemos difundir todo o noso traballo, xa que temos moitas cousas que contar e este é un bo sitio para facelo.

M: Imos comezar con música. Escoitamos o pasodobre das costureiras de Xabier Díaz.

[Pasodoble das Costureiras - Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre \(The Tambourine Man 2015\)](#)

1ª MÚSICA: PASODOBRE DAS COSTUREIRAS

SECCIÓN: UN POUCO DE HISTORIA SOBRE AS COSTUREIRAS

C: Tanto as costureiras como as modistas foron uns dous oficios máis populares no que vai desde o século XIX ata o inicio do século XXI.

M: Eran oficios pouco considerados socialmente, con moitas dificultades para desempeñalos e moi mal pagos.

C: As modistas eran aquelas mulleres que cosían na súa casa para a demais xente, normalmente, eran poucas as que dispoñían dun local, a maioría das que o tiñan estaban nas vilas.

M: Mentras que as costureiras adoitaban traballar en casa da xente que solicitaban o seu servizo, polo que tiñan que desprazarse de casa en casa.

C: Volvendo ás costureiras, estas dedicábanse a coser e a repasar, normalmente era a roupa interior de toda a familia. Desde o máis pequeno até o máis maior.

M: Tamén se dedicaban a realizar toda clase de roupa feminina. Os seus utensilios eran un par de tesoiras, agullas, alfinetes, dedais, fíos...

C: E tamén tiñan consigo unha fita negra, á cal lle facían unhas marcas con puntadas brancas para tomar as medidas necesarias.

M: Co paso do tempo a sociedade comeza a ver nas costureiras doutra forma.

C: Son mulleres xentís, que posúen tranquilidade e o seu aspecto destaca pola súa fermosura, e a súa finura.

M: Tamén ven nelas como unhas mulleres faladoras, que levaban as noticias dunha casa a outra, que ademais sabían de contos e cantigas.

C: As costureiras comezaban a ser envexadas polas mozas que estaban traballando no campo.

M: As costureiras arranxaban a súa roupa, ao seu gusto, sempre á última moda, mentres que as demais mulleres labregas non tiñan aquel garbo nin o porte das costureiras.

C: Claro, que as costureiras como eran moi presumidas, recibían alcumes : Eran chamadas “señoritas de media tixeira”.

M: Seguimos con música, desta vez con “A costureira”, de María Toro

2ª MÚSICA: A COSTUREIRA

SECCIÓN: Xoel e Mateo

M: A continuación vai falarnos o noso compañeiro Xoel sobre a súa tía Carmiña, que tamén é costureira.

Xoel: A miña tía Carmiña é unha das moitísimas costureiras que hai en Galicia, fixémoslle unha entrevista na que tocamos distintos termos e sacamos as partes máis interesantes desta: ela empezou a coser con tan só 14 anos e foi ensinada pola súa nai e unha costureira de Belesar que era onde ela vivía, chamada Carmen, ela tamén adoita coser para as persoas do seu entorno como familiares ou veciños e ademais tamén nos dixo que non adoita cobrar moito xa que a miúdo só tiña que arranxar pequenas partes. Tamén lle preguntamos se había algunha prenda da que se sinta especialmente orgullosa e díxonos que unha vez fíxolle un vestido de pavo real a unha veciña para carnaval e que é o vestido do que máis orgullosa se sente.

C: Moitas grazas pola túa participación, continuamos coa canción “Costureiriña bonita” de Fuxan os Ventos.

3ª MÚSICA: Costureiriña bonita

SECCIÓN: FRASES FEITAS E REFRÁNS

M: Foron tamén moitas as cantigas e refráns que se fixeron sobre elas, como aqueles que din:

- **A boa costureira, queira ou non queira, sempre ten algo de señoriteira.**
- **Costureira sen dedal, cose pouco e faino/ aperta mal.**
- **A costureira detrás do cristal pinchada no dedo e tres no dedal.**
- **A muller costureira non sabe onde está a lareira.**

SECCIÓN: Samuel e Nico

Nico: Agora imos a poñer un audio da nosa entrevista a Juaniña, esta persoa leva case toda a súa vida neste oficio e con case cen anos segue traballando de modista.

[Introducir audio ‘Entrevista Juaniña’](#)

SECCIÓN: Anxo e Álex

M: Agora dámoslle paso a Anxo e Álex, que nos falarán da avoa de Anxo, Sita, que tamen é costureira.

Anxo: Miña avoa empezou a coser con doce anos cando a súa nai lle ensinou a coser para que lle axudara a facer prendas de roupa.

Alex: Cando se fixo adulta empezou a traballar como autónoma xa que ademais tiña unha pequena tenda no Porriño.

Anxo: Xa un pouco mais maior, empezou a traballar para Paz Rodriguez pero dende a súa casa.

Alex: Ela empezou facendo pequenas prendas, mais facía vestidos de nenas pequenas aínda que o que máis lle gustaba facer eran vestidos de comuñón.

Anxo: En canto aos tipos de máquinas de coser ela só usaba a plana e a overlock, aínda que ao principio de todo cosía todo a man xa que non había moitas máquinas.

Álex: Dende que empezou ata agora hai moitos cambios, por exemplo que cando empezou hai moitos anos non había moitos tipos de prendas, e na actualidade hai moitos tipos de roupa, de distintas teas...

Anxo: Outro cambio bastante drástico que notou é que antes se pasaba o ferro cunha pedra quente dentro e agora faise cun aparello eléctrico.

Álex: Para finalizar, pregunteille se cambiaría algo do seu traballo e díxome que non porque lle gusta moito o seu traballo .

C: Moitas grazas pola vosa aportación, agora continuamos con “Miña rumbiña. miña rumbasa” de Acordeireta.

4ª MÚSICA: Miña rumbiña, miña rumbasa

Miña rumbiña, miña rumbasa - Acordeireta

SECCIÓN: Saad

M: Despois disto seguimos con Saad que falará do seu pai e avó costureiros.

Saad: Meu pai traballou 7-8 meses de costureiro e facía traxes de boda, roupa de gama, roupa típica(jalabia) e vestidos de muller. Facía roupa a man con agulla e fío. Comezou ós 12 anos e traballaba 10-11 horas durante 6 días á semana.

Meu avó traballou 20 anos de costureiro e facía camisetas, pantalóns e chándales. Traballaba 8 horas ó día durante todos os días.El tiña descanso só os festivos e vacacións 15 días ó ano.

SECCIÓN: Claudia e Ana

Ana: A continuación imos pór un pequeno anaco da entrevista feita por Claudia Moreira ó seu pai falando da profesión da súa avoa, que era costureira, ela chamábase Conchita e dedicouse toda a súa vida á costura.

(Audio)

SECCIÓN: Nathan

M: Outra das persoas que entrevistamos para este programa de costureiras foi á nai de Nathan.

Nathan: Pois para empezar a miña nai empezou a coser fai un ano e medio por maioritariamente ocupar o tempo, e por outra parte pola súa nai, que tamen cosía. Ela sempre adoita coser no tempo libre que teña, aproveitando sempre o máximo tempo para estar coa familia. Sempre lle leva varias semanas coser algunha peza de roupa xa que lle soen pedir moitas máis cousas nun só pedido, aínda que ten máquinas modernas que lle facilitan moito máis coser e teas de alta calidade como o bordado.

Miña nai non está contratada por unha empresa nin nada parecido, traballa para persoas que lle pidan algun encargo de calquera cousa en internet, facendo cousas moi variadas como por exemplo edredóns, moedeiros, carteiras, bandoleiras e moitas outras cousas.

C: Escoitamos “miña santiña, miña santasa”, o poema de Rosalía na versión de Uxía.

5ª MÚSICA: Miña santiña, miña santasa

Miña Santiña, Miña Santasa

SECCIÓN: Arón e Aitor

Arón: Miña avoa empezou coa costura sobre os 7/8 anos grazas a súa nai que tamén era costureira. Ela traballou para a súa familia e tamén adicouse a arranxar a roupa.

Aitor: Empezou facendo bufandas mais a súa especialidade acabou sendos calcetíns e xerseis, sobre todo de lá e algodón que eran as teas que utilizaba normalmente.

SECCIÓN BLAS E CLAUDIA

C: outras das persoas que entrevistamos foron a avoa de Blas e a nai de Claudia.

Breixo:

A avoa de Blas comezou a traballar con tan só dezaseis anos, e de feito, deixou de traballar nisto fai pouco, aínda que se alguén precisa roupa ela encantada de facela. O motivo principal para comezar neste mundo, foi porque os seus parentes necesitaban roupa ou simplemente que lles amañase algo, pantalóns e incluso algúns xerseis, e todo isto gustáballe de facelo soa, por iso xamais traballou para ninguén, traballaba na súa casa.

A nai de Claudia comezou a coser con catorce anos cando ela aínda vivía en Uruguai. Foi a súa- avoa quen lle ensinou polo motivo de que tiña que facerlle a roupa aos seus irmáns. Logo, co paso do tempo cando xa tiña os seus fillos, comezou a facerlles a eles a propia roupa. Facía moitísima roupa, como xerseis, calcetíns.

SECCIÓN: XABI E BREIXO

Xabier: Para continuar, a avoa do noso compañeiro Matuidi contounos a súa experiencia na costura aínda que non sexa costureira e respondeunos a unhas preguntas sobre este tema.

(AUDIO)

C: Agora imos coa última canción, a versión de costureiriña bonita das donicelas.

6ª MÚSICA:As donicelas

M: Imos escoitar dous poemas relacionados coa roupa e as costureiras de María Raimondez e Marga do Val.

(AUDIO)

DESPEDIDA

M:Queremos dar as grazas a Pedro técnico audiovisual que veu a ensinarnos o funcionamento da radio e axudounos na escaleta.

C: E ata aquí chegou o programa de hoxe, esperamos ter cumprido as vosas expectativas.

M: Queremos agradecer o traballo dos técnicos: Nico, Xoel, e Breixo.

C: Eu son Claudia e o meu compañeiro Mateo.

C/M: Adeus! Ata a próxima!